

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

1.- Aprobación, se procede, da composición das comisións redactoras dos seguintes Másteres: Economía Circular, E-Health, Realidade Estendida.

A Comisión Permanente aproba as seguintes Comisións Redactoras:

PROPOSTA DE COMISIÓN REDACTORA DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN E-HEALTH

Non se definiu aínda a Universidade que coordina. Na USC, o centro responsable será a Facultade de Medicina.

Representantes da USC:

- Julián Álvarez Escudero
- Francisco Gude Sampedro
- Francisco Caamaño Isorna
- M^a Jesús Taboada Iglesias

Os representantes por parte das outras universidades son:

Pola Universidade da Coruña

- Alejandro Pazos Sierra (Facultade de Informática)
- Laura Nieto Riveiro (Facultade Ciencias da Saúde)

Pola Universidade de Vigo

- Francisco Javier Rodríguez Martínez (Director da Escola Técnica Superior de Enxeñaría Informática)

Representantes do Clúster de Saúde: Rocío Mosquera Álvarez (Presidenta), Martín Gómez Rodríguez e Sergio Figueiras (Bahía Software), María del Carmen Valiñas (Everis), José Antonio García Parada e Alberto Borrego (Nttdata).

Representantes do Sergas: Benigno Rosón, Antonio Fernandez Campa

PROPOSTA COMISIÓN REDACTORA MÁSTER REALIDADE ESTENDIDA

(Coordina a UdC)

Manuel Jesús Gonzalez Castro (UdC)

Margarita Lopez Amor (UdC)

Julian Flores González (USC)

Alejandro Catalá Bolos (USC)

Antonio Pena Giménez (UVigo)

Breatriz Legeren Lago (Uvigo)

Roberto López Castro (Alumno de doctorado interuniversitario USC-UdC)

PROPOSTA COMISIÓN REDACTORA MÁSTER ECONOMÍA CIRCULAR

(Coordina a UVigo, non se define aínda o centro responsable na USC)

PROPOSTA INICIAL:

Miguel Rodríguez Méndez (UVigo)

Carlos Hervés Beloso (UVigo)

Guillermo Iglesias Gómez (UDC)

José Manuel Andrade Garda (UDC)

Almudena Hospido Quintana (USC)

Xabier Vence Deza (USC)

Lucas López Manuel (UVigo – estudante)

2.- Aprobación, se procede, de solicitudes de dispensa de clase.

A Comisión propón a aprobación das seguintes dispensas de asistencia a clase:

Pablo Jiménez Prada, alumno de primeiro curso do Máster en Enxeñaría Ambiental, dispensa para materias do módulo 3:

- o P4013 104 Enxeñaría para o tratamento de augas
- o P4013 105 Tecnoloxías de tratamento de residuos
- o P4013 107 Instrumentación e monitorización ambiental
- o P4013 210 Tecnoloxías de tratamento de solos contaminados

Esta dispensa as materias indicadas supón que toda avaliación da asistencia diaria á clase, na porcentaxe en que se indique nas guías docentes, deberá ser contabilizada doutro xeito polo profesorado (por exemplo, engadíndose a outros ítems avaliados tales coma cuestionarios, traballos, exame final, etc.).

Esta dispensa non supón que o alumno quede exentos das obrigas de asistir as actividades puntuais programadas na guía docente en días concretos establecidos na programación das materias (realización de titorías grupais, algunha proba puntual, exposición dun traballo, etc.). En todo caso, de non poder presentarse a algunha desas probas deberá indicárselle como afrontar esa parte na segunda oportunidade, se ese fóra o caso.

Ilenia Martínez Gándara, alumna do Grao de Enxeñaría Química para o curso 2022-2023 solicita a dispensa de asistencia a clase para a materia Reactores Químicos. Na programación docente de dita materia so figuran as sesións interactivas de aula de informática con carácter obrigatorio, consultado o profesorado se indica que as sesións interactivas están superadas. Sistema de avaliación alternativo:

1. O exame terá un contido adicional, en formato cuestións teórico-prácticas, sobre cuestións plantexadas nas expositivas-seminarios. O tempo asignado en examen a esta avaliación será de 10/70, sobre a duración total do examen do resto do alumnado
2. Para poder utilizar as follas Excel no exame terá que presentar as mesmas, a través do Campus Virtual, nas datas e horas que lle correspondan as súas Titorías de Grupo e según corresponda aos exercicios realizados en clase ata a data. Sobre estas follas se realizará control de plaxio e teñen que ser realizadas de xeito personalizado e orixinal. Será responsabilidade da alumna facer o seguimento da evolución das clases Esta materia ofrece a posibilidade de titorías individuais telemáticas. Se non quere someterse a este control, pode utilizar o Excel no exame, pero non poderá utilizar plantillas preconfiguradas.

Aarón Domínguez Costas, alumno do Grao de Enxeñaría Informática, solicita dispensa para as materias Programación en arquitecturas emerxentes e Aprendizaxe automático. Se acepta, co seguinte sistema de avaliación alternativo:

“Programación en arquitecturas emerxentes”: Na oportunidade ordinaria: os mesmos criterios de avaliación agás a participación no desenvolvemento das clases que será mediante os foros dispoñibles no campus virtual. Na oportunidade de recuperación e convocatoria extraordinaria os mesmos criterios que na oportunidade ordinaria. A data límite de entrega das prácticas e proxecto de programación paralela será a data oficial do exame de segunda oportunidade. O alumno fará unha presentación do proxecto o día do examen.

“Aprendizaxe automática”: Entrega na data establecida na aula virtual da resolución dos 4 boletíns de prácticas propostos. A corrección de cada boletín complétase cunha titoría por Teams.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.